



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA XESTIÓN DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DO COBRO DE CRÉDITOS TRIBUTARIOS E DEMÁIS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA

ARTIGO 1.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza é de aplicación tanto aos expedientes de créditos tributarios como aos expedientes dos demais ingresos de dereito público do Concello.

ARTIGO 2.—RÉXIME XURÍDICO

O aprazamento ou fraccionamento da recadación dos créditos rexeráse por:

- a) Polas Leis Xerais Orzamentaria e Tributaria.
- b) Polas normas que regulan os tributos e demais recursos obxecto da xestión recadadora.
- c) Polos tratados, acordos, convenios e demais normas internacionais ou emanadas de entidades internacionais ou supranacionais que afecten á xestión recadadora.
- d) Pola presente ordenanza.
- e) Polo Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 3.—COMPETENCIA

1. A unidade competente para tramitar os expedientes de aprazamento e fraccionamento é a Tesourería Municipal.
2. É órgano competente para resolver o Alcalde.

ARTIGO 4.—DISPENSA DE GARANTÍAS

Non se esixirá garantía cando o importe das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita sexa inferior á cifra de 6.000 €.

ARTIGO 5.—FORMAS DE PAGO

Domiciliación dos pagos en entidade de crédito cos requisitos operativos que se establezan pola Tesourería.

ARTIGO 6.—IMPUTACIÓN DE PAGOS



Cando nunha mesma solicitude se trate de fraccionar o pago de varias débedas ca mesma antigüidade o importe de cada pago distribuírase en primeiro lugar ás débedas de menor importe, salvo que o debedor libremente determine outro criterio.

ARTIGO 7.—DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á RENDA A PRESENTAR POLAS PERSOAS FÍSICAS AO FACER A SOLICITUDE

1. Ademais dos documentos esixidos polo Regulamento Xeral de Recadación:

a) Aquelas persoas que teñan o deber de declarar en relación co IRPF, a última declaración presentada.

b) Pensionistas: Documento acreditativo da pensión que recibe ou outro documento de referencia.

c) Traballadores por conta allea que non declaren por IRPF: certificado de haberes da empresa ou última folla do salario.

d) Traballadores autónomos: última liquidación trimestral do IRPF e/ou último boletín de cotización da seguridade social.

e) Desempregados:

— Certificado de inscrición no INEM e/ou certificado de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

— Con prestación: último recibo.

ARTIGO 8.—CRITERIOS DE CONCESIÓN ÁS PERSOAS FÍSICAS

1. Calculada a renda mensual segundo os documentos presentados polos interesados concederase o aprazamento ou fraccionamento sempre que o principal da débeda supere:

a) O 15% da renda mensual, se esta é superior ao Salario Mínimo Interprofesional.

b) O 5% da renda mensual, se esta é igual ou inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

ARTIGO 9.—CRITERIO PARA ESTABLECER INICIALMENTE O IMPORTE DOS PAGOS DO PRINCIPAL DA DÉBEDA

1. Para os pagos mensuais, correspondentes ao principal da débeda, o interesado poderá solicitar que o importe non supere:

a) O 15% da renda mensual, si esta é superior ao salario mínimo interprofesional.

b) O 5% da renda mensual, si esta é igual ou inferior ao salario mínimo interprofesional.



Non se establece limitación as recargas que procedan nin aos xuros de demora que serán os que correspondan a cada prazo.

2. O número de prazos resultante deberá axustarse ao máximo de 18 mensualidades, de tal forma que si o importe dos pagos propostos polo interesado non alcanzou o máximo do 15% ou o 5% resultante da aplicación do apartado anterior, deberá aumentarse dito importe ata cubrir a débeda no máximo de 18 mensualidades. Non obstante, si o importe dos pagos alcanza os

máximos do apartado anterior e en 18 mensualidades non se cobre o principal da débeda, o número de mensualidades aumentarase ata cubri-lo. Todo elo sen prexuízo do cobro dos xuros de demora e as recargas aplicables no seu caso.

3. A determinación inicial dos pagos non é obstáculo para que unha vez aprobado o aprazamento ou fraccionamento o interesado poida realizar adiantos, inda que resulten pagos por encima do importe aprobado, e se procederá a realizar os axustes correspondentes no cálculo dos xuros de demora das cantidades pagadas. O adianto de cantidades non suporá un cambio no vencemento dos pagos pendentos. Para que sexa así deberá formularse unha nova solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

ARTIGO 10.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS XURÍDICAS AO FACER A SOLICITUDE

Á solicitude de aprazamento deberase acompañar ademais dos requisitos establecidos no artigo 46 do Regulamento Xeral de Recadación, o balance de situación e conta de resultados dos dous últimos exercicios e un orzamento de tesourería da entidade no que se detallará a situación global da tesourería no momento da presentación da solicitude e a evolución prevista da mesma durante o período no que se vai a aprazar ou fraccionar a débeda. A información presentarase con detalle mensual e partindo do saldo inicial determinarase a evolución do mesmo mediante a suma do total de cobros previstos en cada mes e a resta dos pagos previstos en dito prazo exceptuando os relativos aos créditos que se pretenden aprazar. Non obstante, para a determinación do saldo inicial do período de que se trate teranse en conta o pago aprazado ou fraccionado realizado no período anterior. O orzamento de tesourería deberá ir fechado e firmado polo representante da entidade e se acompañará dun informe para o caso no que circunstancias extraordinarias expliquen unha evolución da tesourería distinta da que se poida derivar da información contable presentada. Pola Tesourería Municipal valorarase a coherencia da información presentada.

ARTIGO 11.—CRITERIOS DE CONCESIÓN ÁS PERSOAS XURÍDICAS

Concederase o aprazamento ou fraccionamento sempre que:

1. A tesourería municipal valore favorablemente a coherencia da información presentada. A valoración da coherencia non supón a comprobación da veracidade da información, a que é responsabilidade do solicitante.



CONCELLO DE REDONDEIRA

2. O principal da débeda supere o 80% do saldo de tesourería no momento da solicitude e se cumpra cos demais requisitos esixidos pola normativa sinalada no artigo 2.

ARTIGO 12.—CRITERIO PARA ESTABLECER INICIALMENTE O IMPORTE DOS PAGOS DO PRINCIPAL DA DÉBEDA

1. Os pagos correspondentes ao principal da débeda o importe, a determinar polo interesado, non poderán superar o 80% do saldo previsto no orzamento de tesourería para cada vencemento nin ser inferior ao 50%.

Non se establece limitación ás recargas que procedan nin aos xuros de demora que serán os que correspondan a cada prazo.

2. O número de prazos resultante deberá axustarse ao máximo de 18 mensualidades, de tal forma que si o importe dos pagos propostos polo interesado non alcanzou o máximo do 80% resultante da aplicación do apartado anterior, deberá aumentarse dito importe ata cubrir a débeda no máximo de 18 mensualidades. Non obstante, si o importe dos pagos alcanza os máximos do apartado anterior e en 18 mensualidades non se cobre o principal da débeda, o número de mensualidades aumentarse ata cubri-lo.

Todo elo sen prexuízo do cobro dos xuros de demora e as recargas aplicables no seu caso.

3. A determinación inicial dos pagos non é obstáculo para que unha vez aprobado o aprazamento ou fraccionamento o interesado poida realizar adiantos, inda que resulten pagos por encima do importe aprobado, e se procederá a realizar os axustes correspondentes no cálculo dos xuros de demora das cantidades pagadas. O adianto de cantidades non suporá un cambio no vencemento dos pagos pendentes. Para que sexa así deberá formularse unha nova solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 105 do 2/06/2011